

## Concello de Oza-Cesuras

### DECRETO DO ALCALDE

#### ANTECEDENTES:

O Concello de Oza-Cesuras está a realizar o proceso de selección para a contratación laboral temporal das persoas que cubrirán as 3 **prazas de peóns forestais que durante 9 meses cubrirán a xornada completa** o cadre de persoal para o programa do fomento de emprego no medio rural (APROL RURAL) da Consellería de Emprego e Igualdade para “Traballos de silvicultura, limpeza, desbroce e valorización forestal de pistas, masas e espazos públicos de Oza-Cesuras (anualidade 2022).

No apartado 5 das Bases que han de rexer para a dita provisión establecese que rematado o prazo de presentación de instancias dictarase resolución declarando aprobada a listaxe de admitidos e excluídos, resolución se publicará no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web do concello, e que deberá conter a composición nominal do órgano ou tribunal seleccionador, integrado por catro persoas, tanto titulares como suplentes que se encargará de levar a cabo o proceso selectivo e o lugar, data e hora de comezo dos exercicios e, de ser o caso, a orde de actuación dos aspirantes.

Que no día de onte ditouse resolución aprobando listaxes de admitidos e excluídos no proceso selectivo anteriormente indicado.

Que, advertido polo Tribunal Seleccionador a existencia de erros na listaxe de admitidos e excluídos, ao terse excluído alomenos a un dos candidatos que acreditaba todos os requisitos esixidos, esta Alcaldía, en exercizo das facultades que legalmente lle corresponden, RESOLVE:

Primeiro.- Suspender a realización do exame tipo test que estaba previsto para as 12:30 horas día de hoxe.

Segundo.- Que polo Tribunal seleccionador se revise inmediatamente a documentación presentada por todos os candidatos excluídos co fin de subsanar os eventuais erros que se aprecien na listaxe de admitidos e excluídos.

Terceiro.- Publicar nova listaxe de admitidos e excluídos subsanando os defectos que se aprecien e, tendo en conta que as contratacóns laborais deben estar realizadas o 15 de xuño de 2021 por esixilo así a concesión de subvención para o programa do fomento de emprego no medio rural (APROL RURAL) da Consellería de Emprego e Igualdade, fixar as seguintes datas para a realización do proceso selectivo:

- Luns, 13 de xuño de 2022 ás 12:00, na Casa Consistorial de Oza-Cesuras levarase a cabo o inicio da fase de oposición, mediante a realización dun exame tipo test sobre materias relacionadas co temario anexo ás bases para a contratación. Puntuarase ata un máximo de 3 puntos, debendo obterse unha puntuación mínima de 1 punto para superar a proba.

O aspirantes deberán acudir provistos do DNI.

Oza-Cesuras, na data de sinatura electrónica

**O ALCALDE,**

**Asdo.- J. Pablo González Cacheiro**

**Dou fe,**

**O SECRETARIO,**

**Asdo.- José C. Sánchez Presedo**

